



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Enfermería materno-infantil | Código | 661G01018 | |
| Titulación | Grao en Enfermería | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | Anual | Terceiro | Obrigatoria | 9 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinación | Grandío Ferreiro, M ^a Carmen | Correo electrónico | carmen.grandio@udc.es | |
| Profesorado | Brandariz Pereira, Juan Manuel Fernández Pombo, Carmen Neri Grandío Ferreiro, M ^a Carmen | Correo electrónico | juan.brandariz@udc.es carmen.neri.fernandez.pombo@col.udc.es carmen.grandio@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | Rematado o proceso de ensino-aprendizaxe desta materia obrigatoria, pertencente ó módulo de Ciencias da Enfermería, os estudantes deberán acadar os coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para: - prestar coidados integrais á muller en aspectos coma a planificación familiar e a maternidade, alén da promoción e da prevención da saúde, mantendo unha actitude responsable e científica, e - proporcionar coidados ó neno e á súa familia nas diferentes etapas de crecemento e desenvolvemento; incluíndo actividades de prevención das enfermidades nesta época da vida. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A40 | Identificar as características das mulleres nas diferentes etapas do ciclo reprodutivo e no climaterio e nas alteracións que se poden presentar, proporcionando os coidados necesarios en cada etapa. |
| A41 | Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións. |
| A42 | Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato. |
| A43 | Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento. |
| A44 | Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. |
| A45 | Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermaría e as complicacións que poden presentarse. |
| A46 | Aplicar as técnicas que integran o coidado de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos nenos e os seus coidadores. |
| A47 | Seleccionar as intervencións dirixidas ao neno san e ao enfermo, así como as derivadas dos métodos de diagnóstico e tratamento. |
| A48 | Ser capaz de proporcionar educación para a saúde aos padres ou coidadores primarios. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B2 | Resolver problemas de forma efectiva. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B4 | Traballar de forma autónoma con iniciativa. |
| B7 | Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo. |
| B9 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica. |
| B10 | Capacidade para adaptarse ás situacións novas. |
| B13 | Toma de decisións. |
| B14 | Habilidades interpersonais. |
| B15 | Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |



| | |
|-----|--|
| C10 | CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C12 | CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---------------------------------|--|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| Identificar as características do neonato, da infancia e da adolescencia, e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento. | A42 A43 | B1 | C1 C11 |
| Describir os principais procesos patolóxicos na idade neonatal, na infancia e na adolescencia, así coma as probas diagnósticas e os procedementos terapéuticos. | A44 A47 | B1 B3 B7 B9 B14 B15 | C1 C11 |
| Describir as necesidades de coidado do neno e da súa familia, identificando e priorizando os diagnósticos de enfermaría e as complicacións potenciais. Planificar coidados relacionados coa especificidade dos pacientes pediátricos e a súa contorna. | A42 A44 A45 A47 A48 | B1 B2 B3 B7 B9 B13 B14 B15 | C1 C10 C11 |
| Desenvolver habilidades na realización das técnicas e procedementos enfermeiros máis usuais na pediatría, a súa indicación e base científica. | A46 A47 | B3 B4 B9 | C1 C7 C10 C12 |
| Demostrar interese e sensibilidade pola infancia, a adolescencia e os seus problemas de saúde na sociedade actual. | | B14 B15 | C7 C11 |
| Describir o proceso de fecundación, implantación e desenvolvemento fetal ata o momento do nacemento. | A40 | B1 B3 B14 B15 | C1 C7 |
| Identificar as necesidades de coidado das mulleres nas diferentes etapas de xestación parto e puerperio. | A40 A41 A42 A46 A48 | B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15 | C1 C7 |



| | | | |
|--|---------------------------------|--|------------------------|
| Planificar os cuidados enfermeiros nas diferentes etapas da xestación, parto e puerperio | A40 A41 A42 A46 A48 | B1 B2 B3 B7 B9 B10 B13 B14 B15 | C1 C7 C10 C11 |
| Comprender os principais problemas de saúde reprodutiva. | A40 A41 A42 A48 | B1 B2 B3 | C1 C7 |
| Identificar os diferentes métodos anticonceptivos. | A40 | B1 B2 B9 | C1 C7 |
| Recoñecer as Enfermidades de Transmisión Sexual (ETS) máis frecuentes e as súas medidas de prevención. | A40 | B1 B2 B3 B7 B9 B13 B15 | C1 C7 C12 |
| Planificar cuidados enfermeiros nas mulleres con cancro de mama e xinecolóxico. | A40 | B1 B2 B3 B7 B9 B13 B14 B15 | C1 C7 C10 C11 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| UNIDADE I: REPRODUCCIÓN HUMANA | 1. Anatomía dos órganos reprodutores. 2. Fisioloxía do aparato reprodutor feminino e masculino. 3. Resposta sexual humana. 4. Gametoxénese, fecundación e implantación. 5. Control da fertilidade. |
| UNIDADE II: EMBARAZO. PROBLEMAS DE SAÚDE NO EMBARAZO | 6. Períodos de desenvolvemento prenatal humano. 7. Evolución dos cuidados na atención á muller e situación actual. 8. Descrición do embarazo. Cuidados prenatais. 9. Problemas de saúde específicos na xestación. |



| | |
|---|---|
| UNIDADE III: PARTO E PUERPERIO | <p>10.Traballo de parto.</p> <p>11.Coidados da muller no parto.</p> <p>12.A dor.</p> <p>13.Parto distócico e intervencións obstétricas.</p> <p>14.Atención inmediata do neonato na sala de partos.</p> <p>15.O puerperio.</p> <p>16.Problemas de saúde no parto e o puerperio.</p> <p>17.Aspectos psicolóxicos da maternidade e da paternidade.</p> |
| UNIDADE IV: XINECOLOXÍA | <p>18.Prevenção do cancro de mama e xinecolóxico.</p> <p>19.A paciente xinecolóxica hospitalizada.</p> |
| PRÁCTICAS DE LABORATORIO | <p>1.1 Taller sobre Sexualidade e Autoconhecimento</p> <p>1.2 Taller sobre Lactancia Materna</p> |
| UNIDADE V: INTRODUCCIÓN Á ENFERMARÍA INFANTIL. | <p>1. Evolución dos coidados infantís e situación actual.</p> <p>2. Períodos da infancia.</p> <p>3. O coidado do neno e da súa familia.</p> |
| UNIDADE VI: COIDADOS DE ENFERMARÍA Ó NEONATO. | <p>4. Adaptación á vida extrauterina.</p> <p>5. Clasificación do neonato segundo peso e idade xestacional.</p> <p>6. Recentemente nado san. Valoración de enfermaría.</p> <p>7. Coidados de enfermaría ó neonato san.</p> <p>8. Coidados de enfermaría ó neonato de alto risco.</p> |
| UNIDADE VII: ATENCIÓN DE ENFERMARÍA Ó NENO SANO. | <p>9. Crecemento e desenvolvemento do neno.</p> <p>10. Inmunizacións en pediatría.</p> <p>11. Alimentación complementaria.</p> <p>12. Promoción da saúde ó longo das etapas: lactante, preescolar, escolar e adolescente.</p> <p>13. Prevención de accidentes na infancia. Educación sanitaria.</p> |
| UNIDADE IX: COIDADOS DE ENFERMARÍA Ó NENO CON PROBLEMAS DE SAÚDE. | <p>14. O neno e a súa familia ante a enfermidade e a hospitalización. Características das unidades asistenciais pediátricas.</p> <p>15. Comunicación co neno e coa súa familia.</p> <p>16. A dor no neno: valoración e tratamento.</p> <p>17. Signos e síntomas frecuentes na infancia: febre, vómitos, diarrea, convulsións e dor abdominal.</p> <p>18. Coidados pre e postoperatorios.</p> <p>19. Maltrato infantil.</p> <p>20. Coidados paliativos en pediatría.</p> |
| PRÁCTICAS DE LABORATORIO | <p>1.1 Administración de fármacos e cálculo de doses</p> <p>1.2 Canalización de accesos vasculares</p> <p>1.3 Coidados neonatais e pediátricos</p> |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta | A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 B2 B3 C1 | 3 | 60 | 63 |



| | | | | |
|-------------------------------|--|----|----|----|
| Traballos tutelados | A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 B1 B2 B3 B4 B9 B10 B13 B14 B15 C1 C7 C10 C11 C12 | 6 | 34 | 40 |
| Estudo de casos | A40 A41 A42 A43 A44 A45 A47 B1 B2 B3 B9 B13 B15 C1 C7 | 4 | 10 | 14 |
| Análise de fontes documentais | A40 A41 A42 A43 A44 B1 B3 C7 C11 | 2 | 14 | 16 |
| Lecturas | A40 A41 A42 A43 A44 A48 B1 C1 C7 C11 | 0 | 10 | 10 |
| Prácticas de laboratorio | A40 A41 A42 A46 A47 A48 B1 B2 B3 B4 B7 B9 B10 B13 B14 B15 | 8 | 8 | 16 |
| Sesión maxistral | A40 A41 A42 A43 A44 A45 A47 B7 B15 C1 C7 C10 C11 | 32 | 32 | 64 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta | Proba escrita con preguntas abertas de desenvolvemento e/ou preguntas de resposta múltiple para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos. |
| Traballos tutelados | Actividade na que os estudantes, de forma autónoma, profundizan ou relacionan coñecementos expostos polo profesor. |
| Estudo de casos | Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica de saúde que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de estudantes, a través dun proceso de discusión. O/a alumno/a sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Lecturas | Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados. |
| Prácticas de laboratorio | Actividade na que o/a estudante, a través da realización de actividades prácticas, adquire destreza nas técnicas e procedementos de enfermaría. A asistencia é obrigatoria. |
| Sesión maxistral | Actividade na que o profesor expón, de xeito oral e con medios audiovisuais, os contidos teóricos da materia e a orientación bibliográfica dos mesmos, promovendo a discusión e participación activa do alumnado. Rematarase cada exposición cun resumo/conclusión dos puntos fundamentais. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|---------------------|---|
| Proba mixta | A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de xeito individualizado, presencial ou a través do correo electrónico. |
| Traballos tutelados | A atención personalizada relacionada cos traballos tutelados ten como finalidade orientar ós estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico. |

| Avaliación | | | |
|---------------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Proba mixta | A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 B2 B3 C1 | <p>Realizarase unha proba escrita coincidindo coa data oficial do exame da materia ó rematar o curso. A proba constará de preguntas curtas e tipo test, relacionadas coas competencias da materia.</p> <p>Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10 puntos. A puntuación mínima para superar a proba será de 5 puntos.</p> <p>O exame, para calquera convocatoria, será de preguntas curtas e preguntas test, contando negativo as respostas non acertadas no test, de forma que de cada resposta mal, descontará 0,33.</p> <p>As preguntas tipo test suporán un 50% da proba e as preguntas curtas o outro 50%. Será preciso acadar un mínimo nambas partes para ter superado a proba, a saber:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 50% das respostas da parte tipo test (unha vez restadas as non acertadas) - 50% das respostas da parte de preguntas de resposta curta. | 60 |
| Traballos tutelados | A40 A41 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 B1 B2 B3 B4 B9 B10 B13 B14 B15 C1 C7 C10 C11 C12 | <p>A realización dos traballos tutelados será obrigatoria.</p> <p>A proposta da temática do traballo será validada polo/a docente. O alumnado deberá seguir as indicacións para levar a cabo as tarefas e irá subindo e/ou actualizando semanalmente o traballo levado a cabo a través da plataforma Moodle ou vía correo electrónico para o seu seguemento e avaliación final.</p> <p>Realizarase en grupos de 4 a 6 estudantes.</p> <p>A avaliación dos traballos inclúe a valoración de competencias específicas e transversais, e farase tendo en conta, fundamentalmente, os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentación e estrutura: traballo escrito e exposición oral. - Claridade e uso de terminoloxía científica. - Capacidade de análise e síntese. - Capacidade crítica e achega persoal. - Creatividade e innovación do tema a tratar. - Manexo e referencia de fontes documentais. <p>A presentación oral do traballo tutelado con apoio audiovisual será de carácter obrigado. A súa entrega deberá realizarse mediante correo electrónico ou subida á plataforma Moodle en tempo e forma para poder ser avaliado.</p> <p>Puntuará sobre un mínimo de 0 a un máximo de 10 puntos.</p> <p>A puntuación mínima para superar esta metodoloxía será de 5 puntos.</p> | 40 |

Observacións avaliación



Será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos na proba mixta para a aplicación da porcentaxe na nota final.

Para superar a materia será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos na avaliación de cada unha das partes: Materno e Infantil.

Poderase realizar unha avaliación parcial mediante unha proba escrita das mesmas características que a descrita na avaliación. De ser así, a data acordarase segundo o desenvolvemento do programa.

Valorarase a presenza/asistencia e a participación activa (sesión maxistral, traballo en grupo, prácticas de laboratorio). A asistencia ás prácticas de laboratorio considérase obrigatoria, debendo xustificarse a ausencia das mesmas.

Dado o carácter obrigatorio da presentación dos traballos tutelados, o alumnado que non presente a totalidade dos traballos, na forma e na data sinaladas, non terá opción de superar a materia na primeira oportunidade.

Matrícula ordinaria:

A superación da materia está supeditada á superación da proba mixta e do traballo tutelado de forma autónoma polo alumnado, tendo que acadar o 50% da nota en cada unha delas.

Avaliación 2ª oportunidade

Na segunda oportunidade da materia respectarase a nota aprobada da Proba Mixta e/ou dos Traballos Tutorizados de calquera das dúas partes (Materno ou Infantil).

Proba mixta: calculará un 70%.

Traballos tutelados: computarán un 30% e deberán entregarse o día da realización da proba mixta; sempre que non fosen entregados con anterioridade, nese caso, terán o mesmo peso na avaliación que para a 1ª oportunidade.

Oportunidade anticipada

Proba mixta: calcularase un 100%, incluíndo preguntas relacionadas co desenvolvemento de traballos tutelados.

Alumnos de Matrícula Parcial e SICUE.

Proba mixta: computará un 70%.

Traballos tutelados: computarán o

30% e deberán entregarse o día que se acorde entre o profesor e o alumno ao longo do curso académico. Estes traballos pódense realizar individualmente ou en grupo. En todo caso, calquera que sexa a opción elixida polo alumno, deberá comunicarllo previamente ao profesor a través do correo electrónico durante a primeira semana do curso académico.

No caso dos alumnos SICUE a

exposición dos traballos terá carácter obrigatorio. Dita exposición poderá levarse a cabo de xeito presencial ou vía telemática.

Poderán obter o Título de Honra

os estudantes que obteñan unha nota mínima de 9, tendo preferencia os que obteñan unha nota superior. En caso de igual puntuación e haber máis solicitantes que matrículas, prevalecerá a persoa que obtivese maior puntuación



na metodoloxía con maior peso porcentual.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederáse a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>Bibliografía Enfermería Maternal: Salvia Ribera, A. Torrón Villalta, C. El semen mola. Editorial Montena. 2022. Al Adib Mendiri, M. Hablemos de nosotras. Reflexiones de una ginecóloga rebelde. Editorial Oberon. 2021. Torrón Villalta, C. Torrón Villalta, M. Tu cuerpo mola. Editorial Montena. 2021. Salvia Ribera, A. Torrón Villalta, C. La regla mola. Editorial Montena. 2020. Valls Llobet, Carme. Mujeres invisibles para la medicina. Editorial Capitan Swing. 1ª edición Octubre 2020. Al Adib Mendiri, M. Hablemos de vaginas. Salud sexual femenina desde una perspectiva global. Editorial Oberon. 2019. Fernández del Castillo, I. La nueva revolución del nacimiento. El camino hacia un nuevo paradigma. Editorial Ob Stare. 2014. González, C. Un regalo para toda la vida. Guía de la lactancia materna. Temas de Hoy; 2012. Usandizaga JA. Tratado de obstetricia y ginecología. Vol.I. Madrid: McGraw-Hill Interamericana; 2012. Uvnäs Moberg, K. Oxitocina, la hormona de la calma, el amor y la sanación. Ediciones Obelisco S.L. 2009. Torrens Sigalés RM, Martínez Bueno C. Enfermería de la mujer. Madrid: Ediciones DAE grupo Paradigma; 2009. Liedloff, J. El Concepto del Continuum. Editorial Ob Stare. 4ª ed. 2009. Claramunt, M.A. Parir sin miedo. El legado de Consuelo Ruiz Vélez-Frías. Editorial Ob Stare. 2009. Odent, M. El bebé es un mamífero. Editorial Ob Stare (2ª edic). 2007. Seguranyes Guillot G. Enfermería Maternal. Barcelona: Masson SA; 2006. Smulders, B. Parto Seguro. Una guía completa. Ediciones Medici, SA. 2002. Smulders, B, Croon M. Embarazo seguro. La guía más completa y actual. Ediciones Medici, SA. 2001. The Boston Women's Health Book Collective. Nuestros cuerpos, nuestras vidas. Plaza & Janes Editores S.A. 2000. Small, M.F. Nuestros hijos y nosotros. Ediciones B Argentina s.a. 1999. Calais-Germain, B. El periné femenino y el parto. Anatomía para el movimiento. Editorial La Liebre de Marzo, S.L. 1998. Enlaces de interés Guías técnicas do Espazo da Muller. SERGAS: http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=50019 Libro de Saúde da Embarazada. SERGAS: http://www.sergas.es/gal/muller/docs/libro_saude_embarazada%2011-04-2012.pdf Plan de nacemento. https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/gal/Publicaciones/Docs/AtPrimaria/PDF-2607-ga.pdf Bibliografía Enfermería Infantil Sellán Soto MC, Vázquez Sellán A. Cuidados neonatales en enfermería. Barcelona: Elsevier; 2017. Ruiz González MD, Martínez Barelles MR, González Carrión P. Enfermería del niño y el adolescente. 2ª ed. Madrid: Difusión Avances de Enfermería; 2009. Enlaces de interés Cuidados desde el nacimiento. Recomendaciones basadas en pruebas y buenas prácticas. Ministerio de Sanidad y Política Social, 2010: http://www.sergas.es/gal/muller/docs/cuidados_desde_el_nacimiento.pdf Tratado de enfermería en cuidados críticos pediátricos y neonatales: https://ajbarra.org/tratado-eccprn/temario-tratado Asociación Española de Pediatría: http://www.aeped.es/Sociedad Española de Medicina del Adolescente: http://www.adolescenciasema.org/Journal of Pediatric Nursing: http://www.pediatricnursing.org/home</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/661G01001
 Psicología/661G01003
 Nutrición/661G01009
 Farmacología/661G01011
 Enfermería Clínica (I y II)/661G01012
 Enfermería Comunitaria I/661G01014
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016
 Fisiología/661G01105
 Fundamentos de Enfermería/661G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica III/661G01017
 Enfermería Comunitaria II/661G01019

Materias que continúan o temario



Estancias Clínicas VI/661G01030

Estancias Clínicas VII/661G01031

Observacións

Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XENERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías